Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Página	72/104





Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables á beneficiaria a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo (tomando como referencia a data dos efectos económicos establecida na cláusula décimo cuarta).

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que a beneficiaria se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase á beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que a beneficiaria sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2024, coa excepción dos gastos de mellora de infraestruturas docentes que se estenderán ata o 31.03.2025 e os gastos da gaiola de drons que se estenderán ata 15.06.2025.

Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables á beneficiaria a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo (só para gastos relativos á inversión).

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Página	73/104	

coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.

A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte da beneficiaria, da seguinte documentación debidamente asinada (os anexos están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electrónicamente):

Anexo I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos.

Anexo certificación xenérica expedida polo órgano competente.

Certificar a relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, a descrición do gasto, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación e o cadro de financiamento.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Certificar as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e orixe.

Certificar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Certificar que a relación dos gastos da actividade subvencionada atópase executada e as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Certificar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Certificar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.

Acta de recepción, acta de recoñecemento e comprobación, no caso que de acordo co artigo 30 da LCSP a obra sexa executada pola propia Administración, nos termos indicados no artigo 179 do RD 1098/2001 ou acta de entrega no caso de subministros ou servizos.

Dúas fotografías do investimento realizado.

Anexo IV. Compromiso da beneficiaria de destinar os bens ao fin concreto para o que se concede esta subvención, por un período mínimo de dous anos.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegarse documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora devengados dende a data do pago do anticipo ata a

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Página	74/104





data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.

Nos supostos de subcontratación con entidades vinculadas a acreditación dos custes realizarase nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do Anexo 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuado mediante transferencia bancaria no número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento da obriga de xustificar ou a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 36 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.

Sexto.- A addenda a este convenio utilizarase como aparello para a cooperación e colaboración interinstitucional coa finalidade de contribuír a promoción e apoio ao “Programa de apoio á investigación, docencia e divulgación científica do Campus Universitario de Lugo” dentro do que se atopa a liña de actuación da Gaiola de drons para o grado de robótica ca finalidade de promover o coñecemento por ser un dos piares máis importantes dunha sociedade.

Por todo canto vai dito, informouse pola Sección de Promoción Económica e Emprego de forma favorable a modificación solicitada xa que a mesma foi de acordo o establecido nas cláusulas do convenio, en plena vixencia do mesmo, por mutuo acordo entre as partes, non prexudican dereitos de terceiros, non se producen alteracións nas condicións esenciais do documento inicial e a ampliación do prazo de execución non excede da metade do mesmo, tal e como se desprende no expediente.

Polo anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Página	75/104	

1º.- Aprobación da modificación da cláusula sétima do Convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Universidade de Santiago de Compostela nos termos da addenda de modificación, que se recolle a continuación, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do convenio de referencia.

Addenda ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Universidade de Santiago de Compostela, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Programa de apoio á investigación, docencia e divulgación científica do Campus Universitario de Lugo” na anualidade 2024, (aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 22.11.2024).

Interven.

Dunha parte, José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E doutra parte, Antonio López Díaz, na súa condición de Reitor, actúa en nome e representación da entidade Universidade de Santiago de Compostela, en adiante beneficiaria, con NIF Q1518001A, e con sede social na Praza do Obradoiro S/N, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña), con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

Manifestan.

Primeiro.- Que por acordo da Xunta de Goberno, de data 22 de novembro de 2024, aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa excepcional outorgada, por importe de 370.500,00 €, a favor da beneficiaria, Universidade de Santiago de Compostela (USC) co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Programa de apoio á investigación, docencia e divulgación científica do Campus Universitario de Lugo”, na anualidade do 2024. Dito convenio foi formalizado polas partes o 19 de decembro de 2024.

Segundo.- Ante o escrito asinado por don Antonio Javier Ferreira Fernandez, en calidade de Xerente da USC o 20 de marzo de 2025, con número de rexistro 2025RT005056, no cal expón que por diversos motivos administrativos e do proceso de licitación, como mínimo, ata o 19 marzo de 2025 non comezará a execución da

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Página	76/104	



obra da gaiola de drons polo que non se pode cumprir co prazo de execución dunha das actuacións previstas dentro do “Programa de apoio á investigación, docencia e divulgación científica do Campus Universitario de Lugo”.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, esta addenda de modificación ao convenio con arranxo ás seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula sétima que quedaría redactada no seguinte xeito:

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.

O prazo inicialmente previsto para que a beneficiaria remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 30 de xuño de 2025.

Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables á beneficiaria a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo (tomando como referencia a data dos efectos económicos establecida na cláusula décimo cuarta).

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que a beneficiaria se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase á beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que a beneficiaria sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Página	77/104



Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2024, coa excepción dos gastos de mellora de infraestruturas docentes que se estenderán ata o 31.03.2025 e os gastos da gaiola de drons que se estenderán ata 15.06.2025.

Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables á beneficiaria a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo (só para gastos relativos á inversión).

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.

A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte da beneficiaria, da seguinte documentación debidamente asinada (os anexos están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electrónicamente):

Anexo I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos.

Anexo certificación xenérica expedida polo órgano competente.

Certificar a relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, a descrición do gasto, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación e o cadro de financiamento.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Certificar as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e orixe.

Certificar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Certificar que a relación dos gastos da actividade subvencionada atópase executada e as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Página	78/104





Certificar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Certificar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.

Acta de recepción, acta de recoñecemento e comprobación, no caso que de acordo co artigo 30 da LCSP a obra sexa executada pola propia Administración, nos termos indicados no artigo 179 do RD 1098/2001 ou acta de entrega no caso de subministros ou servizos.

Dúas fotografías do investimento realizado.

Anexo IV. Compromiso da beneficiaria de destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora devengados dende a data do pago do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.

Nos supostos de subcontratación con entidades vinculadas a acreditación dos custes realizarase nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do Anexo 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuado mediante transferencia bancaria no número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento da obriga de xustificar ou a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 36 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Página	79/104



Segunda.- As partes acordan incorporar ao convenio subscrito en data 19 de decembro de 2024 esta addenda de modificación, que se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integramente do mesmo. O resto de cláusulas e o contido do convenio de referencia en tanto non queden afectados por esta addenda de modificación, permanecerán invariables. E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a presente, que consta de 4 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- APROBACIÓN SE PROCEDE DO INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN RELATIVO AO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN 3/2025 DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚMERO 2024/CON_02/000054, RELATIVO AO SUBMINISTRO, EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN A COMPRA, DOS SISTEMAS DE IMPRESIÓN, COPIA E ESCANEADO DE TODA A DEPUTACIÓN DE LUGO E CENTROS VINCULADOS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Recurso especial en materia de contratación nº:3/2025.

Emítese informe solicitado polo Tribunal Administrativo de recursos Contractuais da Deputación de Lugo con atención ós seguintes:

Antecedentes de feito.

Para os efectos da emisión do presente informe, constan como antecedentes inmediatos, ademais do expediente administrativo, os seguintes feitos e documentos: Expediente administrativo, así como as actas referidas ás diferentes mesas de contratación celebradas ata chegar á adxudicación do contrato.

Recurso fronte á adxudicación por parte de Bigo Soluciones Informáticas con CIF B27870146, comunicado directamente a este servizo.

Informe da unidade xestora con CSV: IV7VELZPBBWIUTJY2RMBAL3XGE, no que considera preciso iniciar un novo procedemento deixando sen efecto o anterior.

Acordo de desistimento do procedemento de licitación na Xunta de Goberno de data 7 de febreiro de 2025.

Recurso especial en materia de contratación interposto o 6 de marzo de 2025 contra o acordo de desistimento.

Considerando o anterior e visto o contido do recurso entendemos procedente informar:

Lexislación aplicable.

Lei de contratos do sector Público 9/2017 pola que se traspoñen as directivas comunitarias en materia de contratación pública.

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Página	80/104	



Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

A competencia para emisión do informe, corresponde neste caso a Xunta de goberno que actúa como órgano de contratación na aprobación do expediente

Asimesmo, o presente se someterá ó conforme da secretaria xeral a tenor do disposto na disposición Adicional 3ª de la LCSP y del Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Consideracións.

A) Dende o punto de vista formal.

Consta a lexitimación da recorrente como licitadora no procedemento.

B) Respecto do fondo.

Dacordo coa documentación obrante no expediente, e vistas as alegacións do recorrente, entendemos que procede a desestimación do recurso recordando que o acordo relativo o desistimento se atopa motivado téndose verificado a concorrencia das causas que o habilitan .

Dito acordo de desistimento 7 de febreiro de 2025, sinala:

“No presente procedemento, tras realizar tódalas actuacións tendentes á selección da oferta economicamente máis vantaxosa, adxudicouse o contrato. Unha vez notificada a adxudicación, un dos licitadores interpuxo un recurso especial en materia de contratación, que foi remitido ao Tribunal de Recursos desta Deputación.

Dado que o licitador tamén remitiu o recurso ao órgano de contratación, solicitouse informe sobre o mesmo á unidade xestora que informou nos seguintes termos:

“Revisadas as fichas técnicas dos equipos de impresión, copia e escaneo aportados polos licitadores dentro do contrato 2024/CON_02/000054 para a contratación da subministración mediante arrendamento sen opción a compra dos equipos de impresión, copia e escaneo da Deputación de Lugo, obsérvase que cada marca e modelo segue diferentes criterios para medir o consumo enerxético do equipo, usando diferentes terminoloxías e medicións. Así, nos modelos de HP, en lugar do término Consumo enerxético en reposo” a ficha técnica utiliza outros como son “consumo en suspensión” ou “consumo apagado encendido automático”, os modelos Cannon tampouco usan este termo de “en reposo” e nas especificacións técnicas das máquinas Konica tampouco queda claro o valor referido. Desta forma, un criterio que debería ser automático e obxectivo, está suxeito a interpretación polo que xa non se pode valorar de forma automática.

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Página	81/104	

Visto o anterior consideramos que sería preciso anular o anterior procedemento de licitación e iniciar un novo expediente no que os criterios automáticos non den lugar a interpretación.

Dos termos deste informe pódese inferir que resulta preciso desistir do procedemento co fin de garantir o cumprimento dos principios xerais da contratación previstos no artigo 1 da LCSP 9/2017.

Os meritados principios sentan as bases que permiten que a elección da oferta economicamente máis vantaxosa se faga segundo os criterios de selección preestablecidos de conformidade co disposto no artigo 145.5 b) da LCSP. Polo tanto, cando estes criterios se configuran con carácter automático e aplicables mediante fórmulas, non poden estar suxeitos a interpretación algunha que faga depender a avaliación do xeito de expresar unha característica técnica por cada licitador sen poder tomar como referencia un termo de comparación idéntico e preestablecido entre as ofertas de tódolos licitadores.

Igualmente, compre recordar que tódalas proposicións foron abertas, polo que calquera interpretación tratando de homoxeneizar o criterio, desnaturaliza o carácter automático do discutido criterio, ata facelo depender dun xuízo de valor de xeito sobrevido , reveladas as ofertas, o que resulta proscribido tal e como indica o artigo 146.2 da LCSP e novamente contrario ós principios de concorrencia transparencia e igualdade de trato .

Vistos todos os antecedentes, así como as alegacións que motivaron a emisión do informe polo servizo de novas tecnoloxías, pódese concluír que non procedería recálculo algún de puntuacións que alterase a clasificación con independencia de que manteña ó adxudicatario , ou determine tal condición para un licitador distinto, antes o contrario, vista a expresión variable diversa e dispar que se pode utilizar para a medición de consumos das maquinas, procede o desistimento como consecuencia dunha interpretación conxunta dos artigos 1, 145.5 b) e 146 .2 da LCSP.

Deste xeito, e dacordo co disposto no artigo 152.4 da LCSP, resulta axustado a dereito adoptar a decisión de desistir do procedemento, sen prexuízo da inmediata iniciación dun novo procedemento de licitación.”

Sobre as alegacións contidas no recurso e considerando o anterior que reproduce o acto impugnado, pódese verificar que se atopa motivado e cumpre cos requisitos establecidos no artigo 152 la LCSP corresponde facer as seguintes consideracións respecto do recurso:

1.- A opinión técnica da unidade xestora.

Visto o recurso e o seu contido recabouse informe da unidade xestora que emitiu con CSV: IV7SRUCJLX76ZHB7BRWNEULUKA.

“Nos pregos que rexen o expediente de contratación 2024/CON_02/000054, tanto os técnicos coma os administrativos, fan referencia ao valor, como criterio automático de valoración, de “Consumo enerxético en reposo” pero sen definir en profundidade a qué se refire nin aclarar as equivalencias coas diferentes nomenclaturas de consumos enerxéticos que se poden apreciar nas fichas técnicas dos diferentes fabricantes.

Estas diferentes nomenclaturas observáronse ao acudir fichas oficial dos produtos que se presentan complementariamente nas ofertas da presente licitación, así por exemplo os modelos HP utilizan termos como “consumo en suspensión” ou “consumo

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Página	82/104	



apagado entendido automático”, modelos Canon usan termos como “consumo en modo suspensión” ou “consumo en espera” xunto a outros como “consumo eléctrico típico”.

Do mesmo xeito observase que outros modelos, como as impresoras Ricoh, Brother ou Kiocera, sí empregan o termo “consumo de enerxía en reposo”, pero no caso das Brother por exemplo diferencian entre consumo de enerxía en hibernación, apagado, copia, copia silenciosa, preparado e reposo entre outras.

Considerase polo tanto que o criterio automático empregado na licitación, “Consumo enerxético en reposo”, non quedou o suficientemente definido nos pregos da licitación dando pé a interpretación ao non tratarse dun estándar, posto que se aprecia que a terminoloxía utilizada para este concepto difire segundo a ficha técnica consultada, o que da pé a interpretacións. Esta circunstancia non se detectaría, nin durante esta licitación nin en licitacións previas, de non ser polo estudio da documentación presentada por un dos licitadores no recurso interposto ao presente expediente, que foi o que levou a acudir as fichas técnicas dos diferentes modelos e advertir esta discrepancia terminolóxica.

Desta forma un criterio que se pensaba que era estándar e que non ofrecía dúbidas, e que polo tanto se plantexaba utilizar como criterio de valoración automática válido, está suxeito a diferentes definicións e equivalencias e suxeito a interpretación.”

2.- Sobre a irrelevancia de procedementos anteriores.

Dita licitación non resulta comparable ,precisamente o feito de concorrer á licitación do ano 2020 un único licitador , impide facer un control da afección ó principio de concorrancia entre os diferentes licitadores oferentes , o carácter interpretable do criterio automático non quedou en evidencia na dita licitación o non facerse unha comparación do mesmo entre diferentes marcas e diferentes expresións do criterio de adxudicación polas diferentes empresas.

3.- Sobre a improcedencia de recabar aclaracións.

A solicitude de aclaracións que defende a mercantil Bigo no seu recurso está proscriba pola norma.

O trámite da aclaración en ningún momento permite alterar a formulación do criterio ó que se lle vai a aplicar unha fórmula matemática, a aclaración que pretende BIGO non persigue unha simple corrección material como sinala a resolución 226/2015 do tribunal andaluz, o contrario, de aclararse se permitiría que os licitadores reformulasen o a súa oferta no dito criterio sabedores da oferta dos demais licitadores , vulnerando novamente os principios da contratación , ate poder alterar o resultado do procedemento.

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Página	83/104	

4.- Sobre a procedencia do desistimento.

No recurso se insiste por Bigo Soluciones en que non se dan os presupostos para a súa adopción mais non se razoa dita alegación, tódalas resolucións citadas no recurso avalan o acordo de desistimento adoptado por esta administración.

Se da o suposto de desistimento dende o momento que se pode verificar que un criterio selector que ten a capacidade de decidir o adxudicatario resulta expresable mediante varias mencións ate o punto de que escoller un ou outro implicaría cambiar a denominación do criterio e por tanto cambiar o dato a introducir na fórmula alterando a valoración das proposicións , un exercicio de analoxía interpretativa, que irremediabilmente, prexudicaría a uns licitadores en favor de outros alterando as regras de xogo da licitación, ,confrontando de xeito medular cos principios da contratación pública tal como sinala a resolución 429/2024 do tribunal Catalán que cita a recorrente -

E mais, de proceder como solicita a recorrente o vicio do actuado sería de nulidade radical como ten sinalado o TACRC na súa resolución 738/2024 de 6 de junio de 2024 cando aclaracións e recálculos conducen de forma irregular a un novo resultado toda vez que as ofertas xa foran abertas e o procedemento de valoración xa fora rematado intoducindose ex novo un criterio de avaliación , como de facto suporía no caso que nos ocupa se a mesa de contratación agora escollese de entre as varias expresións do consumo das maquinas en prexuízo de licitadores que expresan o criterio tal e como o suministra o fabricante.

Por tanto, propónse a Xunta de Goberno a asunción do presente se así o estima oportuno, como informe do órgano de contratación concluíndo:

1º.- Que procedería a desestimación do recurso por considerar conforme coa normativa (art. 152.4 da LCSP) o acordo de desistimento adoptado polo órgano de contratación.

2º.- Dar traslado do presente como informe do órgano de contratación reclamado polo TARCLU , xunto co resto do expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCUELA DE ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL E A DEPUTACIÓN DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DO “PROXECTO MILLENIALS”.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Considerando que a Deputación de Lugo, atendendo ó establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, (modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Página	84/104





Administración Local) ten como competencia propia a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Considerando que a Escuela de Organización Industrial (EOI) é unha fundación do sector público estatal dedicada a formar profesionais, producir e difundir coñecemento e ofrecer servizos de valor a empresas, emprendedores e administracións, nos valores dunha economía aberta, social, verde e dixital.

Considerando que en coherencia co establecido no punto anterior, con data 15 de decembro de 2020 asinouse un Convenio de Colaboración entre EOI e a Deputación de Lugo como Socio Colaborador, para a execución de programas formativos para o fomento do emprego novo na provincia de Lugo. Con este fin desenvólvese o Proxecto Millenials, para o fomento do traballo por conta allea en mozas e mozos.

O proxecto conta cun Obxectivo Específico o 8.2.2: “Reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais das persoas mozas non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación”.

Que a súa vez, se desagrega en dúas medidas:

Medida 8.2.2.2. “Formación con compromiso de contratación”.

Medida 8.2.2.6 “Prácticas non laborables en empresas”.

Considerando que este proxecto desenvólvese dentro do Programa Operativo da Fundación EOI para o fomento do emprego novo de intervención comunitaria do Fondo Social Europeo de Emprego Xuvenil CCI2014ES05M9OP001 no marco do obxectivo de investimento en crecemento e emprego destinado a España, aprobado por decisión da Comisión Europea do 12 de decembro de 2014, obxectivo específico 8.2.2 Reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais das persoas mozas non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación” medida 8.2.2.2 “Formación con compromiso de contratación”, buscando aumentar a empregabilidade dos e as mozas da provincia de Lugo de 16 a 30 anos debidamente rexistrados no Sistema de Garantía Xuvenil mediante cursos formativos intensos, prácticos e adaptados ás necesidades da súa contorna e reducir o desemprego.

Considerando que o prazo de vixencia deste Convenio estableceuse, nun principio, con data máxima do 30.09.2023. Posteriormente, con data 04.05.2022, asínase unha

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Página	85/104



Addenda na que se establece que o prazo de presentación da conta xustificativa finaliza o 31 de outubro de 2023. Non obstante o anterior, o prazo máximo de execución das actuacións finaliza o 31 de xullo de 2023.

Considerando que o orzamento do convenio para estas accións é de dous millóns corenta mil trescentos oitenta e sete euros con cinco céntimos (2.040.387,05 €).

A Deputación de Lugo realiza unha achega económica total para o programa formativo por importe de cento sesenta e cinco mil catrocentos setenta e cinco euros con treinta e nove céntimos (165.475,39 €), que se achegará con cargo aos fondos que proveñen do peche do Programa Operativo FEDER 2007/2013 de Investigación, Desenvolvemento e innovación por e para o beneficio das Empresas, que con motivo do peche do mesmo foi reintegrado pola Comisión Europea, en particular do proxecto “F.71.003 - FEDER -1/11- Galicia/Dinamización do Tecido produtivo e o F” que ten un saldo positivo para a Deputación de Lugo de 579.839,39 € euros (o saldo pendente). O financiamento achegado pola Deputación de Lugo no ten carácter de subvención, tal e como se estipula no punto 7. “Financiación” do convenio asinado con data 15.12.2020.

Pola súa banda, a EOI achega para o custo dos Programas deste convenio un millón oitocentos setenta e catro mil novecentos once euros con sesenta e seis céntimos (1.874.911,66€).

Considerando que á EOI correspondeulle desenvolver na execución dos programas as seguintes actividades:

- a) Dirección e execución académica dos Programas.
- b) Deseño e adaptación dos contidos dos Programas.
- c) Administración dos Programas.
- d) Relación coa Unidade Administradora do Fondo Social Europeo.
- e) Selección de alumnos e profesores.
- f) Contratación e pago do profesorado.
- g) Achega da documentación docente.
- h) Contratación dun seguro de accidentes para alumnos en programas presenciais.
- i) Avaliación dos alumnos.
- j) Coordinación central de alumnos e profesores.
- k) Coordinación e realización de accións difusión, comunicación, e publicitarias.

Por outro lado, a Deputación de Lugo contribúe á execución dos Programas mediante o desenvolvemento das seguintes actividades:

- a) Colaboración con EOI na difusión e captación de alumnos.
- b) Colaboración con EOI poñendo ao dispor da infraestrutura e o equipamento para o desenvolvemento das actividades de carácter presencial dos Programas.
- c) Coordinación local de alumnos e profesores.
- d) Colaboración na promoción e difusión dos Programas, de acordo cos criterios e directrices de EOI, que en todo caso realizaranse de forma consensuada coa

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Página	86/104	



Deputación de Lugo e co estricto cumprimento da normativa comunitaria e nacional aplicable.

Considerando que á EOI deberá xustificar durante a vixencia do convenio, nos tres meses a contar desde a finalización das actuacións obxecto do mesmo, a través dunha conta xustificativa que inclúa como gasto elixible a imputación de custos Indirectos e que terá o seguinte contido:

Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable

Memoria económica xustificativa do custo das actuacións obxecto de convenio, que conterá:

Declaración do custo total das actuacións, indicando os importes do financiamento. Na declaración faranse constar aqueles ingresos ou subvencións procedentes doutras fontes de financiamento.

Relación clasificada de gastos polo custo total das actuacións obxecto do presente convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago.

Soamente será necesario indicar as datas de pago das facturas que se imputan á Deputación de Lugo. No caso de relacionarse nóminas, debe desagregarse: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Declaración responsable na que se indique e xustifique a causa das desviacións, que de ser o caso, ocorresen entre o orzamento estimado e o gasto efectivamente xustificado.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación á que fai referencia o parágrafo anterior. Soamente terán que presentarse as facturas e xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Página	87/104	

Declaración das ingresos obtidos doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para as actuacións obxecto do presente convenio, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outros ingresos obtidos doutras administracións públicas ou privadas para as actuacións convidas.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, acción ou comportamento obxecto do convenio foi realizada na súa totalidade dando cumprimento ás condicións que motivaron a súa aprobación e aos compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable de que a EOI asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben indicar se non asume o custo do IVE.

Declaración responsable na que se faga constar que a EOI non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias e fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

Declaración responsable na que se reflicta a colaboración da Deputación de Lugo e que este extremo inseriuse na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Considerando que segundo ó indicado no punto anterior, a EOI presentou con data 31 de outubro de 2023 (RE nº: 2023RPE021186), a conta xustificativa relativa á citada subvención, á que engadiu, o 9, 27 e 30 de maio e 11,18 e 29 de novembro de 2024, documentación complementaria.

Atendendo ó anteriormente exposto, ó establecido no artigo 52.2 a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e aos efectos previstos no convenio asinado entre a Escuela de Organización Industrial e a Deputación Provincial de Lugo asinado con data 15.12.2020, con data 27.01.2025 apróbase mediante Resolución de Presidencia a conta xustificativa do convenio segundo as cantidades indicadas no seguinte cadro:

Cantidad Xustificada	Importe Deputación de Lugo 8,11%	Cantidad a devolver	Cantidad Retornada	Diferenza a ingresar
1.537.895,52 €	124.723,33 €	40.752,06 €	40.031,16 €	720,90 €

Considerando que con data 30.01.2025 remítese a comunicación á Escuela de Organización Industrial, sendo recibida ese mesmo día. Con data 05.02.2025 a Escuela de Organización Industrial ingresa no número de conta bancaria da Deputación Provincial de Lugo a cantidade 1.114,28 €. A pesar de que a cantidade é

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Página	88/104	



superior á solicitada, 393,38 € de diferencia a favor da Deputación de Lugo, dende a EOI comunícasenos que debido a que aínda quedan outros dous convenios por xustificar e ante a perspectiva de ter que devolver máis cantidade de diñeiro, deixemos o restante como remanente ata rematar tódalas xustificacións.

Atendendo ó anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a resolución do Convenio de Colaboración asinado con data 15.12.2020 entre a Escuela de Organización Industrial e a Deputación de Lugo, en calidade de socio colaborador, do Proxecto Millenials, para o fomento do traballo por conta allea en mozas e mozo, segundo o artigo 51.1 e 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

2º.- Aprobar a liquidación do Convenio de Colaboración asinado con data 15.12.2020 entre a Escuela de Organización Industrial e a Deputación de Lugo, en calidade de socio colaborador, ó non quedar obrigas pendentes entre as partes do Proxecto Millenials, para o fomento do traballo por conta allea en mozas e mozo, segundo o artigo 51.1 e 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO E DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Como se recolle no informe emitido polo Xefe de Servizo de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Lugo de CSV IV7SQDZPJRM3TBB6QJGSKIKS6A, a Área de Medio Ambiente pretende aprobar unha programación anual de Actividades de Educación e divulgación ambiental, para deste modo cumprir coas súas obrigas como xestor das reservas da Biosfera Terras do Miño e da Reserva da Biosfera do Ancares Lucenses Montes de Cervantes Navia e Becerreá, así como coas competencias que

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Página	89/104



ten establecidas como obxectivos básicos de desenvolver actividades de divulgación e educación ambiental a nivel provincial. Con esta labor preténdese dar a coñecer o patrimonio natural da nosa provincia de xeito xeral e promover as boas prácticas ambientais aos cidadáns así como achegar coñecementos sobre os oficios e actividades que teñen que ver coas boas prácticas ambientais, etc.

O devandito informe recolle o seguinte teor literal:

“Informe do Área de Medioambiente.

Asunto: Informe relativo á aprobación da programación anual de actividades de educación e divulgación ambiental da Deputación de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.

Antecedentes.

Primeiro.- Como é coñecido a Área de Medio Ambiente conta dentro das súas competencias a xestión de dúas Reservas da Biosfera, declaradas como tal pola UNESCO dentro do seu Programa Home e Biosfera, Man and Biosphere, (Programa MaB).

Estás dúas Reservas da Biosfera son: a Reserva da Biosfera Terras do Miño, declarada dende o ano 2002; e a Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, esta última foi declarada polo UNESCO durante o ano 2006.

Segundo.- Un dos requisitos que o Comité do Programa Home e Biosfera (Programa MaB), o cal avalía e mantén a distinción dun territorio como Reserva da Biosfera, é entre outras, a obriga da existencia dun Plan de Xestión que inclúa un programa de actuacións para o cumprimento dos obxectivos do Programa MaB. Este Plan debe ser aprobado polo Órgano de Xestión de cada unha das Reservas da Biosfera, é dicir, consultado e informado favorablemente polo Órgano de Participación (despois dun procedemento de participación pública) é aprobado finalmente polo Órgano Reitor. Ambas Reservas da Biosfera mencionadas con anterioridade e que son xestionadas pola Deputación de Lugo, contan co seu Órgano de Xestión creado e en funcionamento. Así mesmo, estas Reservas contan co seu Plan de Xestión aprobado seguindo o referido procedemento.

A Reserva da Biosfera Terras do Miño conta co seu Plan de Xestión aprobado o pasado 18 de xuño de 2024 polo seu órgano Reitor e vixente ata o ano 2034. Esta circunstancia repítese para Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes Navia e Becerreá, cuxo Plan de Xestión foi aprobado polo Órgano Reitor na súa reunión do 19 de xuño de 2024 e estará vixente ata o ano 2034.

Terceiro.- Os devanditos Plans de Xestión, polo tanto, son o documento que rexe o funcionamento das devanditas Reservas e que marcan o traballo e as liñas de actuación destas Reservas da Biosfera.

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Página	90/104





Mais polo miúdo, o Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño, consta das seguintes liñas de actuación:

Liña 1 Xestión adaptativa da Reserva da Biosfera.

Liña 2 Función de conservación da Reserva da Biosfera.

Liña 3 Función de desenvolvemento socio-económico da Reserva da Biosfera.

Liña 4 Función de apoio loxístico da Reserva da Biosfera.

Concretamente a liña 4 recolle na súa acción "4.2 Actividades educativas e desenvolvemento de capacidades", que recolle o seguinte teor literal:

"*Colaborar coas administracións públicas e privadas competentes no desenvolvemento de actividades de educación, formación e divulgación, desenvolvendo accións que sexan acordes cos fins e obxectivos do Programa Home & Biosfera.

*Difundir entre as entidades públicas e privadas que interactúan no territorio (técnicos da administración estatal e autonómica, técnicos das deputacións provinciais e municipais, técnicos de empresas, etc), os obxectivos, fins e funcións da Reserva da Biosfera e do Programa Home & Biosfera.

*Colaborar cos centros educativos da provincia e especialmente os radicados na Reserva a fin de fortalecer os programas e accións de educación ambiental que integren os obxectivos e fins das Reservas da Biosfera e das Redes en que estas participan.

*Fortalecer as colaboracións con asociacións e entidades de carácter ambiental e cultural existentes no territorio da Reserva da Biosfera que realicen accións coincidentes cos obxectivos das Reservas da Biosfera.

*Fomentar entre a poboación local e os visitantes os fins, obxectivos e actuacións que realiza a Reserva da Biosfera Terras do Miño."

Así mesmo, e como se manifestou anteriormente, a Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses tamén conta cun Plan de Xestión aprobado e vixente para o vindeira década (2024-2034), en cuxas liñas se recollen os seguintes apartados:

Liña 1 Xestión adaptativa da Reserva da Biosfera

Liña 2 Función de conservación da Reserva da Biosfera

Liña 3 Función de desenvolvemento socio-económico da Reserva da Biosfera

Liña 4 Función de apoio loxístico da Reserva da Biosfera.

A Liña 4 na súa acción 4.2. denominada "Actividades educativas e desenvolvemento de capacidades", recolle no seu teor literal o seguinte:

"*Colaborar coas administracións públicas e privadas competentes no desenvolvemento de actividades de educación, formación e divulgación, desenvolvendo accións que sexan acordes cos fins e obxectivos do Programa Home & Biosfera.

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Página	91/104	

*Difundir entre as entidades públicas e privadas que interactúan no territorio (técnicos da administración estatal e autonómica, técnicos das deputacións provinciais e municipais, técnicos de empresas, etc.) os obxectivos, fins e funcións da Reserva da Biosfera e do Programa Home & Biosfera.

*Colaborar cos centros educativos da provincia, especialmente os radicados na Reserva, a fin de fortalecer os programas e accións de educación ambiental que integren os obxectivos e fins das Reservas da Biosfera e das Redes en que estas participan.

*Fortalecer as colaboracións con asociacións e entidades de carácter ambiental e cultural existentes no territorio da Reserva da Biosfera que realicen accións coincidentes cos obxectivos das Reservas da Biosfera.

*Fomentar entre a poboación local e os visitantes os fins, obxectivos e actuacións que realiza a Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses.

*Fomentar a relación coa Fundación Starlight no cumprimento da Declaración da Palma co obxectivo de promover a “defensa do ceo nocturno e o dereito á luz das estrelas”.

Cuarto.- Así mesmo, esta Área de Medio Ambiente posúe no marco das súas competencias, e como un dos seus obxectivos básicos, desenvolver actividades de divulgación e educación ambiental a nivel provincial. Con esta labor preténdese dar a coñecer o patrimonio natural da nosa provincia de xeito xeral e promover as boas prácticas ambientais aos cidadáns así como achegar coñecementos sobre os oficios e actividades que teñen que ver coas boas prácticas ambientais, etc.

Debe mencionarse neste aspecto, as actividades que este Servizo organiza cos concellos que o solicitan, ou ben as actividades que se organizan nos centros de atención a maiores da Deputación de Lugo, etc.

En relación ao anteriormente exposto, emítese o seguinte:

Informe:

Sentado nos antecedentes deste informe os compromisos e as necesidades que fundamentan a organización de actividades de educación e divulgación ambiental por parte desta Área de Medio Ambiente, cómpre indicar que o pasado mes de novembro de 2024, como se realiza anualmente, abríronse as canles para que os diferentes colectivos involucrados nestas actividades (Concellos, asociacións pertencentes aos Órganos de Participación das Reservas da Biosfera, outras asociacións, centros educativos, etc...), procederan a solicitar e manifestar as súas necesidades en relación á programación anual de Actividades Medioambientais da Deputación de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses. Este procedemento de participación efectúase durante as datas previas ás reunións anuais que se realizan no seo dos Órganos de Xestión da Reserva da Biosfera, tanto de Terras do Miño como dos Ancares Lucenses, considerando a propia natureza deste órgano de carácter consultivo e de participación pública.

Durante as reunións dos Órganos de Xestión das Reservas da Biosfera Os Ancares Lucenses e Terras do Miño, celebradas os días 20 e 21 de febreiro de 2025

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Página	92/104	



respectivamente, deuse conta aos membros de cada un dos Órganos de Participación da proposta de programación de actividades que se ofrecería en cada un dos territorios (incluíndo en Terras do Miño a programación do Centro de Interpretación Terras do Miño, propiedade da institución provincial), considerando as demandas que manifestaron os distintos colectivos e os criterios para a distribución das actividades que eles solicitaron.

Unha vez informadas favorablemente por cada Órgano de Participación, estas programacións anuais de actividades son aprobadas por cada Órgano Reitor de cada unha das Reservas da Biosfera, de xeito que se conforma a Programación Anual de Actividades Medioambientais da Deputación de Lugo e Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.

1. Programación de actividades solicitadas polos Concellos e Asociacións membros do Órgano de Participación da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses.

O día 20 de febreiro de 2025 desenvolvéronse as reunións dos Órganos de Participación e Reitor da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá: Na reunión do Órgano de Participación desta Reserva da Biosfera deuse conta das distintas actividades que foron solicitadas polos diferentes axentes que forman parte deste órgano e presentouse unha programación de actividades estimadas, a cal foi informada favorablemente por este órgano e posteriormente aprobada polo Órgano Reitor:

Concello de Becerreá (actividades solicitadas polo Centro Social de Becerreá e a ANPA de Becerreá).

1º Trimestre 2025:

(1) Obradoiro sobre a tradición do entroido nos Ancares.

(1) Obradoiro de tradicións e plantas medicinais.

2º trimestre 2025:

(1) Campamento científico para nenos.

(1) Xornada de xogos tradicionais na natureza.

3º trimestre 2025:

(1) Obradoiro de olaría tradicional.

(1) Curso de orientación na montaña.

4º trimestre 2025:

(1) Un obradoiro de cociña micolóxica e outros produtos autóctonos.

(3) Xornadas de cantigas e outras tradicións do nadal na montaña.

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Página	93/104	

Concello de Cervantes.

1º Trimestre 2025:

(1) Obradoiro sobre Apicultura: Cría de raíñas e elaboración de núcleos (Solicitado polo Concello de Cervantes).

(1) Obradoiro e teatro de marionetas (Solicitado pola ANPA do CPI de Cervantes).

2º trimestre 2025:

(1)Obradoiro de coidados de castiñeiros: Poda, enxerto e control de enfermidades. (Solicitado polo Concello de Cervantes)

(1) Identificación de rastros e excrementos no monte (Solicitado pola Asociación O Teixeiro).

3º trimestre 2025:

(1) Obradoiro de ferramentas de venda on-line para emprendedores no rural. (Solicitado polo Concello de Cervantes).

(1) Obradoiro de astronomía (Solicitado pola Asociación O Teixeiro).

4º trimestre 2025:

(1) Obradoiro "Coñecendo o legado arqueolóxico dos Ancares: mámoas, castros e petroglifos (Solicitado pola ANPA CPI Cervantes).

(1) Xornada denominada "Os Ancares, unha forma de vida: vivencias, costumes, traballos e oficios, flora, fauna e patrimonio (Solicitada polo Concello de Cervantes).

Concello de Navia de Suarna.

1º trimestre 2025:

(1) Obradoiro de enxerto. (Solicitado polo Concello de Navia de Suarna).

(1) Obradoiro de cestaría (Solicitado pola Asociación Leducia).

2º trimestre 2025:

(1) Campamento científico para nenos. (Solicitado pola Asociación Leducia)

(1) Roteiro Navia en primavera (Solicitado pola Asociación Irmandade Naviega).

3º trimestre 2025:

(1) Obradoiro de Obradoiro de técnicas de elaboración e traballo do feltro. (Solicitado pola Asociación Irmandade Naviega).

(1) Obradoiro de astronomía (Solicitado pola Asociación Ser).

4º trimestre 2025:

(1) Obradoiro de micoloxía. (Solicitado polo Concello de Navia de Suarna).

(1) Obradoiro gastronómico. (Solicitado pola Asociación SER).

Por outra banda durante a realización das devanditas reunións dos Órganos de Xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, deuse conta da Programación anual que dende a Área de Medio Ambiente da Deputación de Lugo se pretende desenvolver tanto nos Centros de Atención a Maiores da Deputación de Lugo e nas distintas entidades que así o solicitaron.

2. Programación de actividades solicitadas polo Concellos e Asociacións membros do Órgano de Participación da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Concretamente, durante o día 21 de febreiro de 2025 desenvóléronse as reunións dos Órganos de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño. En primeiro lugar, no Órgano de Participación deuse conta e informouse favorablemente as actividades que foran solicitadas polas diferentes asociacións e Concellos que pertencen a este

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Página	94/104	



órgano. Posteriormente, na reunión do Órgano Reitor aprobouse a programación anual de actividades da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Mais polo miúdo, as actividades aprobadas foron:

Concello de Alfoz.

(1) Obradoiro de micoloxía.

(1) Obradoiro de enxertado de primavera de árbores froiteiras.

Concello de Begonte.

(1) Obradoiro de poda.

(1) Obradoiro de micoloxía.

Concello de Castroverde.

(1) Obradoiro de cestería.

(1) Obradoiro de elaboración de conservas artesáns.

Concello de Guitiriz.

(1) Obradoiro de micoloxía.

Concello de Ourol.

(1) Obradoiro de arte floral.

Concello de Pol.

(1) Obradoiro – Actividade “Adornos de nadal”.

Concello de Xermade.

(1) Obradoiro de Arte Floral.

Asociación de Mulleres Rurais A Xuntanza (Local da Asociación na Ponte de Outeiro en Castro de Rei)

(1) Obradoiro de técnicas básicas de arte floral

Sindicato Labrego Galego (Castro de Rei)

(1) Curso de elaboración de derivados lácteos.

Asociación de Veciños de San Cosme de Nete (Local da Asociación na Escola de Nete, Vilalba)

(1) Obradoiro de técnicas de arte floral

Asociación de Mulleres Rurais Alfinete de Benade (Local da Asociación na Antiga Escola de San Estevo de Benade)

(1) Curso de tear en bastidor

Club Piragüismo Cidade de Lugo

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Página	95/104	

3ª Ruta fluvial polo río Miño en Lugo.

Por outra banda, durante a realización das devanditas reunións dos órganos de xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño, deuse conta da Programación anual que dende a Área de Medio Ambiente da Deputación de Lugo se pretende desenvolver tanto no Centro de Interpretación Terras do Miño, así como nos Centros de Atención a Maiores da Deputación de Lugo e nas distintas entidades que así o solicitaron.

3. Programación de actividades a desenvolver no Centro de Interpretación Terras do Miño.

Como se manifestou neste informe, nas sesións das reunións dos Órganos de Participación e Reitor da Reserva da Biosfera Terras do Miño, xestionada dende esta Deputación Provincial de Lugo, deuse conta da programación a desenvolver no Centro de Interpretación Terras do Miño, a cal deriva das demandas tanto dos usuarios do mesmo como dos colectivos que forman parte desta Reserva da Biosfera, que se poden resumir nas seguintes actividades.

- (1) Obradoiro artesanía en madeira con flores frescas, (7 - 11 de abril).
- (1) Obradoiro métodos de propagación vexetal (21 - 25 de abril).
- (1) Obradoiro de fabricación de teares (28 de abril a 2 de maio).
- (1) Actividade Reutiliza (12- 16 de maio).
- (1) Obradoiro novas tendencias no arte floral (12- 16 de maio 2025).
- (1) Obradoiro de tear con bastidor (26-30 de maio 2025).
- (1) Obradoiro día do medio ambiente. Eco-acción: Reducindo plásticos (5 de xuño 2025).
- (1) Obradoiro de encadernación (9 a 13 de xuño 2025).
- (1) Obradoiro re-conecta co medio natural a través do ioga (16- 20 de xuño 2025).
- (1) Obradoiro día internacional do ioga, Ioga en familia. (21 de xuño 2025).
- (1) Obradoiro xogos de verán (do 23 de xuño a 27 de xuño 2025).
- (1) Obradoiro dende a reciclaxe a creación musical, II edición (30 de xuño- 4 de xullo 2025).
- (1) Obradoiro crea, innova e protexe (7-15 de xullo 2025).
- (1) Obradoiro rutas guiadas infantís polo entorno natural (1-5 de setembro 2025).
- (1) Obradoiro Recicla e repara pequenos arranxos (8-12 de setembro).
- (1) Obradoiro técnicas básicas con flores secas (29 de setembro a 3 de outubro 2025).
- (1) Obradoiro curso intensivo de cerámica- (8-10 de outubro e 20 e 21 de novembro 2025).
- (1) Obradoiro Reinventa ou outono (13- 17 de outubro 2025).
- (1) Obradoiro conta atrás para un Nadal sostible (3-7 de novembro 2025).
- (1) Obradoiro arte floral de advento (10- 14 de novembro 2025).
- (1) Obradoiro de poda (17- 21 de novembro 2025).
- (1) Obradoiro Nadal sostible. Crea reutilizando (24- 28 de novembro 2025).
- (2) Obradoiros de poda (1 ao 5 de decembro e 15-19 de decembro 2025).
- (1) Obradoiro xogos de Nadal (actividade infantil 22 - 26 de decembro 2025).
- (1) Obradoiro Robotix Nature: innovando para o planeta (2, 5, 7 de xaneiro 2026)

4. Programación de actividades a desenvolver nos Centros de Atención a Maiores da Deputación Provincial de Lugo.

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Página	96/104	



En relación a estas actividades, enmárcanse nas accións formativas que se desenvolven nos centros de atención a maiores por parte da Área de Medio Ambiente e que teñen como obxectivo dobre, en primeiro lugar, inculcar aos residentes destes centros coñecementos sobre o respecto á natureza e o medio ambiente e ,por outra banda, fomentar a creatividade mentres se aprende sobre sustentabilidade e se melloran as capacidades cognitivas e físicas dos residentes.

Concretamente, a Área de Benestar da Deputación de Lugo solicitou as seguintes actividades a desenvolver en todos os centros de atención a maiores que xestiona:

Obradoiro de cestería (8 de abril a 13 de xuño).

Obradoiro de Manualidades con arte primaveral (1 de abril ao 6 de xuño).

Obradoiro de plantas aromáticas e medicinais (15 de setembro a 14 de decembro 2025).

Econadal creativo (6 de outubro a 3 de 5 de decembro 2025).

5. Actividades solicitadas por outras entidades:

Concello da Fonsagrada:

(1) Obradoiro de poda: 30 de marzo.

(1) Obradoiro de enxerto: 12 e 13 de abril.

(1) Obradoiro cultivos de horta: 26 e 27 de abril.

Asociación Laxe-Blanca (O Corgo).

(1) Obradoiro de cestería.

(1) Obradoiro de restauración de mobles.

(1) Obradoiro de conservas artesanais.

Asociación Cultural San Martiño de Río.

(1) Obradoiro de adornos florais.

Asociación Cultural Capilla Sixtina de Nogueira.

(1) Obradoiro sobre plantas medicinais. (9 e 10 de maio de 2025).

Como se manifestou nos antecedentes deste informe, recóllense os compromisos e fundaméntanse as obrigas polas cales esta Área de Medio Ambiente procede á organización destas actividades.

Debe manifestarse que este listado que da lugar á Programación de Actividades da Deputación Provincial de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e dos Ancores Lucenses Montes de Cervantes Navia e Becerreá, pode verse alterado durante a execución desta programación debido ás posibles solicitudes que poidan chegar dos diferentes concellos e colectivos provinciais que poidan solicitar actividades. Así mesmo poderán darse posibles modificacións debido as diferentes accións que execute o área de medio ambiente neste eido ou por circunstancias que provoquen a anulación dalgún das accións formativas recollidas no listado anterior.

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Página	97/104	

Forma de financiamento.

As actividades relacionadas no corpo deste informe e que que formarán parte da aprobación da Programación de Actividades de Educación Ambiental da Deputación Provincial de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, serán financiadas na súa totalidade pola Deputación Provincial de Lugo.

Para elo, a Área de Medio Ambiente conta nos seus orzamentos con aplicacións orzamentarias destinadas para eses fins, de xeito particular as aplicacións: 1720.22606, 1724.22606, 1725.22606 e a partida 1729.22606.

Necesidade de contratación.

Como se manifestou nos antecedentes deste informe, a Área de Medio Ambiente conta cunha serie de compromisos vinculados á súa natureza como Servizo de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Lugo, como a ser xestores de dúas Reservas da Biosfera, que obrigan a desenvolver esta serie de liñas de educación e divulgación ambiental.

Debido á diversidade das actividades que se solicitan, obriga a proceder á contratación da impartición e organización das actividades nomeadas anteriormente, debido a que non existe persoal especializado en todas estas temáticas na Área de Medio Ambiente, que garanta o cumprimento dos obxectivos marcados por esta Deputación Provincial.

De igual xeito, esta programación que se pretende aprobar e desenvolverse, materializarase, en cada caso, mediante o procedemento de contratación e tramitación administrativa legalmente establecido e segundo corresponda ao custe das propias actividades, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes que se citaron anteriormente nomeadamente: 1720.22606, 1724.22606, 1725.22606 e a partida 1729.22606.

Durante os procedementos de tramitación destas actividades, os custos das mesmas serán desglosados de xeito pormenorizado. Este desglose será necesario para poder avaliar a execución das actividades e posterior facturación.

Concretamente os gastos das actividades recollidas nesta programación e que serán obxecto de aprobación serán executadas polos importes que se recollen na seguinte táboa, con cargo as aplicacións orzamentarias que se reflicten na mesma:

Aplicación orzamentaria	Cantidade (€)
1720.22606	50.000,00
1724.22606	30.000,00
1725.22606	20.000,00
1729.22606	12.500,00
Total	112.500,00

Esta previsión orzamentaria poderá verse modificada ao longo da execución da programación ante as posibles demandas que poidan xurdir derivadas das solicitudes que se reciban no área de medio ambiente.

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Página	98/104	



Prazo de execución.

Esta programación de Actividades de educación e divulgación ambiental da Deputación de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses Montes de Cervantes Navia e Becerreá, que se pretende aprobar terá prazo de execución dende o día de aprobación desta programación de Actividades pola Xunta de Goberno ata o 31 de decembro de 2025 (incluído as actividades que se executarán durante o nadal 2025 que se estenderan ata o 7 de xaneiro de 2026).

Conclusiones.

Por todo o anteriormente exposto conclúese:

1. Elevar a aprobación da xunta de Goberno a Programación de Actividades de Educación Ambiental da Deputación de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Ancares Lucenses Montes de Cervantes, polo importe que se recolle na seguinte táboa e con cargo as aplicacións orzamentarias que se reflicten na mesma.

Aplicación orzamentaria	Cantidade (€)
1720.22606	50.000,00
1724.22606	30.000,00
1725.22606	20.000,00
1729.22606	12.500,00
Total	112.500,00

E para que conste e aos efectos oportunos é todo canto procede informar.

Por todo o anteriormente exposto e considerando o recollido no informe emitido polo área de Medio Ambiente de CSV IV7SQDZPJRM3TBB6QJGSKIKS6A, propónse, que a Xunta de Goberno adopte os seguintes acordos:

Aprobar a Programación de Actividades de Educación Ambiental da Deputación de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Ancares Lucenses Montes de Cervantes, polo importe que se recolle na seguinte táboa e con cargo as aplicacións orzamentarias que se reflicten na mesma.

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Página	99/104	

Aplicación orzamentaria	Cantidade (€)
1720.22606	50.000,00
1724.22606	30.000,00
1725.22606	20.000,00
1729.22606	12.500,00
Total	112.500,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN ARQUEÓLOGO DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que don Enrique Jesús Alcorta Irastorza, cumpre 65 anos de idade o día 17 de abril de 2025 e que á citada data terá recoñecidos 18 anos, 3 meses e 19 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 17 de abril de 2025, data previsible de xubilación forzosa, acreditando, segundo informe de vida laboral, unha carreira de cotización ao Réxime Xeral de Seguridade Social, superior aos 38 anos e tres meses e que o citado funcionario non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Tendo en conta a normativa de aplicación:

Artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida (...).”

Artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade. (...).”

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Página	100/104





4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2025	38 anos e tres meses ou máis	65 anos.
	Menos de 38 anos e tres meses	66 anos e 8 meses

[...]”.

Considerando que don Enrique Jesús Alcorta Irastorza terá acreditado, á data do 17 de abril de 2025, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 38 anos e tres meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo activo.

Tendo en conta cando antecede, visto o informe do Servizo de Recursos Humanos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida do funcionario provincial, don Enrique Jesús Alcorta Irastorza, con efectividade do día 17 de abril de 2025, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Página	101/104



15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A OBRAS PÚBLICAS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas, da escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios, grupo A – subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 200, do 29.08.2024.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditada pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionario de carreira a:

Don José Manuel Piñeiro García, para ocupar a praza número 882, denominada Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas, escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios, grupo A – subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas Entrada, número 1426, vinculado á citada praza.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- CONTA E CUMPRIMENTO DO DECRETO DE DATA 14 DE MARZO DE 2025 DITADO POLO XULGADO DE 1ª INSTANCIA Nº 2 DE LUGO NO PROCEDEMENTO: ICO INCIDENTE CONCURSAL COMÚN 523/2015 0001.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Vista a Sentenza nº239/2022, de data 22 de xuño de 2022, ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº2 de Lugo, no procedemento: ICO Incidente Concursal Común 0000523/2015 0001, cuxa parte dispositiva é a seguinte:

“Que, desestimando la demanda de incidente concursal promovida por el Letrado de la Diputación Provincial de Lugo, frente a la Administración Concursal de la entidad

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ		Página	102/104	



Marful y Varela SL, y a la concursada Marfurl y Varela SL, representada por la Procuradora Sra. Arias Regueira, debo absolver y absuelvo a los demandados de todas las peticiones formuladas en la demanda. Con imposición de costas a la actora. Contra la presente resolución cabe interponer recurso de apelación para ante la Audiencia provincial de Lugo."

Vista a Dilixencia de Ordenación de data 18 de febreiro de 2025 do Xulgado de 1ª Instancia nº2 de Lugo na que se sinala "Presentado escrito por Carlos Manuel Costas Manzanares, en el que se solicita la práctica de la tasación de costas, y al que se acompaña la documentación legalmente exigida, acuerdo Practicarla y dar traslado a las partes por diez dias."

Visto, por último, o Decreto de data 14 de marzo de 2025, ditado polo devandito Xulgado, cuxa parte dispositiva é a seguinte:

"Acuerdo:

Aprobar la tasación de costas realizada en fecha 18 de febrero, por la cantidad de 3207.71, que debe pagar la parte condenada actora, Diputacion De Lugo."

Tendo en conta que as Sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento por imperativo legal (artigo 118 da Constitución Española, artigo 17 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigos 103 a 113 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Considerando, por tanto, a necesidade de dar cumprimento á devandita resolución, e unha vez realizada a tramitación legalmente establecida - e tendo en conta, asemade, a comunicación de existencia de crédito suficiente para o aboamento da dita cantidade, comunicada polo Servizo de Intervención - á Xunta de Goberno proponse:

1º.- Darse por enterada da devandita Sentenza así como do Decreto de data 14 de marzo de 2025 do Xulgado de 1ª Instancia nº2 de Lugo no que se acorda aprobar a taxación de custas a que foi condenada a Deputación.

2º.- Llevar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento das devanditas resolucións.

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Página	103/104



3º.- O importe a abonar en concepto de custas é de 3207,71 euros, ingreso que se fará na conta indicada polo Xulgado de 1ª Instancia nº2 de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

1º.- *Dación de conta do decreto nº 23/2025.*

Dase conta do decreto nº nº23/2025, de 19 de marzo, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Ourense no Procedemento Ordinario 130/2024 seguido a instancia de Maderas Paco Cacharolo, S.L. fronte á Deputación en materia de sancións, e en cuxa parte dispositiva dí o seguinte:

“Acuerdo:

Tener por desistido al recurrente Maderas Paco Cacharolo SL declarando la terminación de este procedimiento. Firme la presente resolución, archivar las actuaciones.” A Xunta de Goberno queda enterada.

2º.- *Dación de conta da sentenza nº 75/2025*

Dáse conta da Sentenza nº 75/2025, de 3 de marzo, ditada polo Xulgado do Contencioso – Administrativo nº 2 de Lugo no Procedemento Abreviado nº 225/2024, seguido a instancia de MGS Seguros y Reaseguros S.A. fronte á desestimación por silencio administrativo da reclamación patrimonial, e en cuxo fallo dí o seguinte: “1. Debo desestimar y desestimo la demanda presentada por la entidad MGS Seguros contra la Diputación Provincial de Lugo, siendo codemandada la entidad Segurcaixa ADESLAS, por ser la resolución recurrida conforme a Derecho.

2. Cada parte asumirá las costas causadas a su instancia y las comunes por mitad.

3. La presente resolución es firme”. Mediante dilixencia de ordenación de data 20 de marzo de 2025 dito Xulgado declara firme dita sentenza. A Xunta de Goberno queda enterada.

18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

	IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Fecha y Hora	03/04/2025 13:39:02	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SSEJOFRRKX276UUMQB5TRIQ	Página	104/104	